

Concentracións perante as subdelegacións de goberno contra a criminalización dos movementos sociais

SERMOS GALIZA :: 04/12/2014

Movilizacións en las que se dará lectura a un manifesto, titulado “Nosotr@s no tenemos miedo”

Galego

As **Plataformas de afectad@s pola Hipoteca (PAH)** e os **colectivos contra os despexos** de Galiza convocan para este 18 de decembro (11:00 horas) concentracións perante as subdelegacións do goberno español no noso país.

Mobilizacións nas que se dará lectura a un manifesto, titulado ‘**Nós non temos medo**’. A concentración é, indican as convocantes, un acto contra o que cualifican de “criminalización dos movementos sociais” e contra “a represión”.

“Cando **as institucións vulneran o dereito a unha vivenda digna** (como ten pasado, entre outros, nos casos de Aurelia Rey, Elisabet Sanlés, a familia de Aríns, ou a de Elviña) vémonos obrigadas a procurar defendelo impedindo coa nosa **resistencia pacífica a actuación inxusta** das comisións xudiciais e forzas policiais. Ante o cal o goberno está respondendo dun xeito represivo, practicando detencións arbitrarias, poñendo multas, golpeando inxustificadamente a persoas que resisten pacificamente e tratando de **meter medo para imponer pola forza** o que non é capaz de resolver co diálogo e o respecto obrigado dos dereitos das persoas”.

Castellano

Las **Plataformas de afectad@s por la Hipoteca (PAH)** y los **colectivos contra los desahucios** de Galiza convocan para este 18 de diciembre (11:00) concentraciones ante las subdelegaciones del gobierno español en nuestro país. Movilizacións en las que se dará lectura a un manifesto, titulado “**Nosotr@s no tenemos miedo**”. La concentración es, indican las convocantes, un acto contra lo que califican de “criminalización de los movimientos sociales” y contra “la represión”.

“Cuando **las instituciones vulnera el derecho a una vivienda digna** (como ha pasado, entre otros, en los casos de Aurelia Rey, Elisabet Sanlés, la familia de Aríns, o la de Elviña) nos vemos obligadas a tratar de defenderlo impidiendo con nuestra **resistencia pacífica la actuación injusta** de las comisiones judiciales y fuerzas políticas. Ante el cual el gobierno está respondiendo de un modo represivo, practicando detenciones arbitrarias, poniendo multas, golpeando injustificadamente a personas que resisten pacíficamente y tratando **de infundir miedo para imponer por la fuerza** lo que no es capaz de resolver con diálogo y el respeto obligado de los derechos de las personas.

<https://galiza.lahaine.org/concentracions-perante-as-subdelegacions-de>